

Mércores, 18 de setembro de 2019

Núm. 179

ADMINISTRACIÓN LOCAL
MUNICIPAL
TOMIÑO**Urbanismo e Patrimonio***EXPOSICIÓN PÚBLICA DE APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN AR4*

Por Resolución da Alcaldía de data do 12 de setembro de 2019 foi aprobado inicialmente o Proxecto de Urbanización da Area de Reparto AR-4 do PXOM de Tomiño, que se desenvolve polo sistema de cooperación, presentado con data de entrada último no rexistro municipal do 15/10/2018 pola empresa Ordenación Territorial, Infraestruturas e Medio Ambiente, SL, a iniciativa do Concello de Tomiño, para executar as previsións do planeamento municipal en canto ás obras de urbanización da AR4 de conformidade coas determinacións contidas na Modificación Puntual nº 8 do PXOM de Tomiño que foi aprobada definitivamente pola Orde do 5 de decembro de 2017 da conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

En cumprimento do disposto nos artigos 96 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, e artigos 223 e ss do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia; o proxecto de urbanización da AR4 sométese a información pública polo prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP, e nun dos xornais de maior difusión da provincia, con notificación individualizada aos interesados.

O expediente atópase de manifesto no departamento de urbanismo do Concello en horario de atención ao público.

Así mesmo, publícase para os efectos de legal notificación a aqueles afectados que puidesen resultar descoñecidos, en virtude do previsto no artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Tomiño, 12 de setembro de 2019.

A alcaldesa,

Sandra González Álvarez

